

Licenzas con Xistra

Os dous requisitos para ser socio/a de Xistra é **pagar a cota anual (10? - ano 2020)** e **tramitar a licenza deportiva FEDME a través do noso club.**

Os prezos da licenza para **2020** son os que podedes descargar neste enlace -> [PrezosLicenzaFGM2020](#)

Nestes prezos van incluídas as cotas da Federación Galega de Montañismo, da FEDME (Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada), e o seguro médico de accidentes deportivos na montaña. Elixe a túa licenza pensando na actividade que vas facer. Se despois queres facer máis cousas, podes pedir unha ampliación de coberturas (consultar no club).

Oferta especial para socios infantís e xuvenís 2020

ATENCIÓN:

Dende o 1/01/2020 ata o día 31/03/2020, XISTRA vai facer unha oferta destinada a tódolos nenos e nenas **de menos de 13 anos**. **Os socios infantís que se inscriban nese período terán a licenza federativa e a cota social 2020 bonificada con 29? (o que supón que case vai ser gratuíta para moitos dos nenos)**. O único requisito é que un adulto (pai, nai ou titor legal) tramite conxuntamente a súa licenza e cota anual (Sempre 1 a 1, un neno - un adulto).

Agardámosvos.

(Nota: a licenza infantil será A ou B; para categorías superiores deberán abonar a parte non bonificada).

Os xuvenís gozan dun desconto de 15 ?.